

concello de **ABEGONDO**
separata 10



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
DIRECCIÓN XERAL DE PATRIMONIO CULTURAL



**FONDO EUROPEO DE
DESENVOLVEMENTO
REGIONAL**

"Una maneira de facer Europa"

UNION EUROPEA

ÍNDICE

1.	CRITERIOS PARA A IDENTIFICACIÓN DO TRAZADO E TERRITORIO HISTÓRICO.....	1
1.1.	CRITERIOS PARA A DELIMITACIÓN DO TRAZADO	1
1.2.	CRITERIOS PARA A DELIMITACIÓN DO TERRITORIO HISTÓRICO	2
1.3.	DELIMITACIÓN GRÁFICA DO TRAZADO	3
1.4.	BASES CARTOGRÁFICAS.....	4
2.	ANTECEDENTES HISTÓRICOS	5
3.	DESCRINCIÓN E XUSTIFICACIÓN DO TRAZADO.....	6
3.1.	DESCRINCIÓN DA PROPOSTA	6
3.2.	XUSTIFICACIÓN DA PROPOSTA DO CAMIÑO	9
4.	ESTADO DE CONSERVACIÓN DO CAMIÑO	13
5.	DESCRINCIÓN DO ÁMBITO	16
6.	ELEMENTOS PATRIMONIAIS VINCULADOS AO CAMIÑO DE SANTIAGO	18
7.	ANEXO FOTOGRÁFICO (2010-2012)	21
8.	ANEXO PLANOS	55



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
DIRECCIÓN XERAL DE PATRIMONIO CULTURAL



FONDO EUROPEO DE
DESARROLLO
REGIONAL
"Una maneira de facer Europa"

UNION EUROPEA

1. CRITERIOS PARA A IDENTIFICACIÓN DO TRAZADO E TERRITORIO HISTÓRICO

1.1. CRITERIOS PARA A DELIMITACIÓN DO TRAZADO




Boa parte do itinerario coñecido como Camiño Inglés é coincidente cos Camiños Reais que comunican as cidades de A Coruña e Ferrol coa de Santiago de Compostela. A metodoloxía executada no proxecto de delimitación que conduce a este expediente ten en conta este feito, sendo a existencia de vestixios funcionais do Camiño Real o principal criterio para a delimitación do trazado.

Os criterios específicos de delimitación da traza principal do Camiño Inglés son:

- Recuperación das trazas conservadas do Camiño Real alí onde exista.
- Para dar continuidade ao camiño tradicional nos lugares onde este teña desaparecido buscouse unha traza funcional, capaz de asegurar o tránsito, que discorra por camiños públicos, que siga a mesma lóxica territorial dos camiños tradicionais e que, ademais, posúa os seguintes valores:
 - Valores patrimoniais de todo tipo.
 - Valores medioambientais, en estreita relación coa paisaxe cultural, pero que contemple tamén aspectos fisiográficos e de relevo.
 - Seguridade para o tránsito de peregrinos, nas súas diferentes modalidades.

Ademais da traza principal, a delimitación abarca trazados de vestixios históricos e trazados complementarios:

- Os trazados de vestixios históricos están compostos pola traza do Camiño Real desaparecida pero da que hai constancia documental, ou ben traza conservada pero non transitable ou non funcional.
- Os trazados complementarios son aqueles que, na mesma liña de tránsito da peregrinación, permiten o acceso a lugares significativos ou salvan pasos con difícil continuidade para o camiñante.


TRAZADO DO CAMIÑO		Comprende a delimitación realizada en virtude das consideracións anteriores. Será o Camiño Delimitado e polo tanto o que establece a Lei 3/1996. O seu percorrido será continuo dende os Concellos de Ferrol e A Coruña ata Santiago de Compostela.
TRAZADO DE VESTIXIOS HISTÓRICOS		Traza do Camiño Real desaparecida pero da que hai constancia documental, ou ben traza conservada pero non transitable ou non funcional.
TRAZADO COMPLEMENTARIO		Trazados que, na mesma liña de tránsito da peregrinación, permiten o acceso a lugares significativos ou salvan pasos con difícil continuidade para o camiñante.

1.2. CRITERIOS PARA A DELIMITACIÓN DO TERRITORIO HISTÓRICO

En xeral, a delimitación ten como referencia unha banda mínima a cada lado do camiño duns 100 metros, engloba as áreas de protección dos elementos patrimoniais próximos ao camiño e os núcleos de poboación polos que pasa o camiño ou que se atopan na súa contorna inmediata.

Diferéncianse tres ámbitos que argumentan a delimitación:

– Áreas rurais nas que se conserva a paisaxe cultural tradicional.



Imaxe da delimitación no Concello de Abegondo.

– Áreas rurais nas que a paisaxe cultural tradicional foi substituída por paisaxes de enxeñaría agraria. Atendendo a criterios de visibilidade e de elementos culturais e naturais próximo, inclúense as parcelas catastrais.



Imaxe da delimitación no Concello de Oroso.

– Áreas urbanas nas que o crecemento urbanístico borrou a paisaxe tradicional. En xeral, conforman o territorio as parcelas e espazos comúns públicos lindeiros co camiño.




Imaxe da delimitación no Concello de A Coruña.

1.3. DELIMITACIÓN GRÁFICA DO TRAZADO

A delimitación gráfica do trazado levouse a cabo tal e como se establece na Lei 3/1996. Segundo o establecido por esta, nos artigos 6 e 16, a delimitación do Camiño estará constituída pola plataforma por onde discorre, tendo que delimitarse unha zona lateral de protección do Camiño de tres metros a partir das arestas desta e unha zona de protección do contorno de trinta metros a partir da mesma aresta.

Naqueles casos nos que haxa que recuperar tramos do Camiño, e segundo o artigo 1, a anchura virá constituída por unha franxa de, polo menos, tres metros. Cando o Camiño discorra por pontes formará parte deste o terreo ocupado polos soportes da estrutura.



Imaxe da delimitación gráfica do trazado nos Concellos de Santiago de Compostela e Paderne.

1.4. BASES CARTOGRÁFICAS

As bases cartográficas constitúen un elemento imprescindible para a plasmación gráfica da delimitación que se pretende levar a cabo. Seguindo un criterio de homoxeneización da cartografía a empregar para todo o territorio obxecto de estudo empréganse dúas fontes de información: a cartografía 1/5.000 da Xunta e as extraccións a data de xuño de 2012 das bases catastrais dos Concellos obxecto de estudo.

Con estas bases cartográficas melloradas a escala de traballo empregada para a delimitación foi 1/2.000, se ben a escala xeral de representación empregada é 1/10.000.

De cara a identificar os trazados de carácter histórico empregouse a ortofoto correspondente ao voo e catastro do ano 1956 así como, entre outros, cartografía variada do século XVIII, o mapa eclesiástico de 1825, a Carta Xeométrica de Galicia de Domingo Fontán de 1845, o mapa do exército da provincia da Coruña de 1884 así como o itinerario militar do mesmo ano ou a serie cartográfica MTN 50.000 dos anos 1929 a 1949 do Instituto Xeográfico Nacional.

Para os traballos de delimitación empregáronse ademais as ortofotos máis recentes dispoñibles do ámbito obxecto de estudo. Para iso se ha contado co voo do PNOA correspondente ao ano 2008.

2. ANTECEDENTES HISTÓRICOS

A situación xeográfica do municipio de Abegondo, fai que historicamente fose lugar de paso dos camiños tanto na ruta entre Santiago e A Coruña como Santiago con Betanzos.

Unha das recompilacións realízaa Elisa Ferreira Priegue. Entre estes camiños describe un que pasaba por Santa María de Presedo, ou Francés, e chega a San Esteban de Cos. O camiño ía preto de San Esteban de Vivente, cruzando o río Mero e pasando por San Salvador de Limiñón. Ferreira continúa describindo a ruta por enclaves do municipio de Betanzos.

En canto aos camiños entre Santiago e A Coruña, Ferreira menciona poboacións como Bordelle e o cruzamento do río Barcés por Bordelle. Neste lugar da parroquia de Sarandóns, preto da ponte sobre o río Barcés, no núcleo denominado A Calle, consérvase o Pazo de Barral, da primeira metade do século XVI, onde se hospedou Felipe II en 1554 cando se dirixía á Coruña para embarcarse camiño de Inglaterra. Na fachada resaltan dous escudos rodeados pola inscrición conmemorativa deste feito: "Nesta casa grande estivo aloxado Felipe II en 1554".

Tamén Fray Marín Sarmiento menciona o seu paso por este municipio nas crónicas da súa viaxe a Galicia en 1745. Un dos lugares máis mencionados é "Zarandones", actual parroquia de Sarandós.

Francisco Vales Villamarín, que foi Cronista Oficial de Betanzos, describe a ruta xacobeá e cita Limiñón, ou Francés (na Parroquia de Santiago de Meangos), Presedo e Francos (Parroquia de Santa Eulalia de Leiro).

3. DESCRICIÓN E XUSTIFICACIÓN DO TRAZADO

3.1. DESCRICIÓN DA PROPOSTA

O Concello de Abegondo é atravesado polos dous ramais do Camiño Inglés en sentido Norte-Sur. O trazado proveniente de Ferrol inténase no Concello dende o límite de Betanzos para xuntarse en As Travesas co Camiño que proveniente de A Coruña, entra no municipio dende o límite con Carral.

TRAZADO DO CAMIÑO: DENDE O LÍMITE DO CONCELLO DE BETANZOS ATA AS TRAVESAS (RAMAL DE FERROL)

Un camiño asfaltado serve ao camiño xacobeo para introducirse no municipio de Abegondo a través da Parroquia de San Salvador de Limiñón. Entre piñeiros e eucaliptos, en leve descenso, chégase ao pequeno núcleo de Rombo, dende onde se poden apreciar por primeira vez os vales que posteriormente se van percorrer. En continuo pero suave descenso, o trazado prosegue por un camiño de terra que pasa por masas boscosas nas que os carballos dan paso a eucaliptos e matogueira baixa.

O sendeiro realiza un xiro polo que se sitúa en paralelo ao curso do río Mero. En constante descenso, a paisaxe despéxase e a ruta desemboca na estrada AC-0105, xunto á ponte sobre o río Mero. Cruzada esta ponte, o trazado abandona a devandita estrada para tomar outra que segue paralela á canle do río Mero, sen apenas desniveis. Esta pequena estrada discorre entre o noiro vexetal do lateral dereito e os prados de pastos contiguos ao río no esquerdo. Máis adiante, o ámbito cóbrese de arboredo composto principalmente de eucaliptos que acompañan ao peregrino ata que este sobe na súa chegada a igrexa de Santo Estevo de Cos.

O paso fronte á igrexa realízase atravesando o amplo adro da mesma en cuxo centro se ergue un cruceiro. O cemiterio parroquial e muretes de cachotería rodean o templo. O trazado prosegue por unha ampla estrada que gaña altura deixando a un lado as edificacións máis próximas á igrexa. Desta forma, a ruta converxe novamente coa estrada AC-0105, incorporándose a ela. A travesía deste vial polo núcleo de Cos conta cun espazo para os peóns na beiravía dereita. Cos presenta un casarío disperso situado a ambas as dúas marxes da estrada.

A saída de Cos marca o inicio dun tramo en suba ata chegar á seguinte poboación. O peregrino continúa o seu tránsito pola estrada AC-0105 nun ámbito de paisaxe ondulada onde xorden pequenas masas boscosas. Tras pasar pola poboación de Souto chégase a Francés, cuxa travesía conta cunha beirarrúa para o tránsito peonil. Francés fórmano vivendas e granxas dispersas situadas principalmente no ámbito da estrada. Apenas hai distancia entre as últimas vivendas de Francés e as primeiras de O Penedo. O paso por O Penedo é breve e a continuación a estrada baixa e pasa xunto á fonte de Fontao, situada nunha curva desta.

A travesía por Fontao é recta aínda que presenta algúns desniveis, situándose a pé de estrada varias construcións tradicionais. Deixando atrás Fontao, a AC-0105 inténase nun tramo no que predomina o arboredo composto por carballos, piñeiros e eucaliptos. Tras unha sucesión de curvas, o trazado descende para cruzar o regato de Fontao. Pouco despois, a ruta abandona a citada estrada para tomar un sendeiro a través do bosque.

Xa na Parroquia de Santa María de Presedo, o peregrino camiña por unha corredeira que discorre primeiro entre plantacións de eucaliptos e máis adiante entre arboredo autóctono. Nas proximidades do núcleo de Presedo o panorama despéxase e albíscanse as primeiras edificacións desta poboación. A ruta xacobeá pasa de maneira tanxencial pola localidade que acolle o templo parroquial, apoiándose nun camiño asfaltado. Xunto a este sitúanse algunhas vivendas e hórreos de madeira.

Deixando atrás o núcleo de Presedo, o trazado continúa con marcada dirección sur internándose de novo no bosque. O pavimento pasa a ser de novo de terra e tras realizar un xiro cara ao sueste afróntase un novo tramo recto. O arboredo que rodea o sendeiro mantén as características de antes descritas, con alternancia de carballos, piñeiros e eucaliptos. O camiño desemboca nunha pequena estrada e o contorno despéxase. Aínda que non desaparecen as árbores, agora dominan os terreos agrícolas.

O trazado chega ao núcleo de Barrio apoiándose en estradas veciñais. Sen internase plenamente nesta poboación, a ruta prosegue agora en ascenso entre vexetación baixa e masas boscosas. Posteriormente toma unha pista de terra que gaña altura e sen realizar curvas chega ata unha estrada entre piñeiros e eucaliptos. O peregrino toma esta estrada que pasa baixo os piñeiros que a rodean e, en suave descenso, chega á igrexa parroquial de Santa Eulalia de Leiro. Unha ampla explanada asfaltada precede ao templo que se ve rodeado polo cemiterio parroquial.

Continúa xirando a ruta xacobeá cara ao oeste por unha estrada que conduce cara ao principal vial de comunicación do val. Xa na AC-0105 se atravesa o núcleo de Riba da Igrexa e inmediatamente despois tómase unha pista de terra que sobe con dirección oeste. Esta pista avanza entre abundante vexetación e plantacións de eucaliptos mentres crece a pendente ascendente. A pista gana en anchura atravesando os montes da Camposa do Vento. Ocasionalmente contéplanse no lado esquerdo as abas que descenden cara ao rego de Roufrío.

Nas proximidades do encoro de Beche, o camiño segue una topografía chaira. Os eucaliptos deixan paso a un ámbito máis despexado aparecendo no lado esquerdo a lámina de auga e a presa. Neste punto a pista pasa a ser asfaltada e aparecen as vivendas do núcleo de Beche. Superado Beche, a pista remata nunha estrada proxectada tras a concentración parcelaria. Tomando esta estrada con dirección sur, brevemente realízase un xiro provocado polo paso baixo a autoestrada AP-9, a través dun túnel.

A estrada gaña altura entre vexetación dispersa e aparecen as primeiras casas pertencentes ao núcleo de Travesas. Non obstante, o peregrino apenas ten contacto con esta poboación e inmediatamente despois toma unha pequena estrada que conduce a Bao. Este apiñado núcleo de casas sitúase a pé dunha aba boscosa situada na súa cara oeste. O vial discorre entre un terreo agrícola e arborado baixo. A chegada a Bao supón subir cara á parte alta do núcleo, onde se aprecian construcións tradicionais e algún exemplo de hórreo.

En pleno tránsito por Bao, xírase cara ao oeste tomando un camiño asfaltado que sobe marcando unha traza rectilínea. A pendente é constante e o ámbito inicialmente formado por vexetación baixa pasa a ofrecer notables carballeiras. Máis adiante, o firme do camiño cambia a terra e aumenta a súa anchura, aparecendo grupos de eucaliptos que se intercalan cos carballos. En suave pero constante ascenso, chégase a unha explotación gandeira cuxo recinto hai que rodear de maneira que se realiza un dobre caneo que leva a unha pista terrosa que prosegue gañando altura.

A pista converxe noutra e, seguindo dirección sueste, discorre polo monte de Castro Maior. A visibilidade amplíase debido á altitude e á vexetación que agora está formada por matogueira e campos de labor. O peregrino alcanza a considerar na distancia a maraña urbana da bisbarra coruñesa coa torre do porto como referencia final. O trazado segue en ascenso e algunhas plantacións de eucaliptos alternanse aos terreos sen arboredo.

A pista conflúe nunha estrada que une Vizoño con As Travesas. O tránsito por este vial é curto xa que pronto se desemboca na estrada AC-542 (Betanzos - Mesón do Vento), pola que discorre a ruta xacobeá procedente da Coruña.

TRAZADO DO CAMIÑO: POLOS LÍMITES CO CONCELLO DE CARRAL (RAMAL DE A CORUÑA)

Un camiño amplo e cómodo serve de acceso ao municipio de Abegondo no ramal do Camiño Inglés procedente da Coruña. Este camiño descende entre fentos e eucaliptos ao val formado polo río Barcés. Ao chegar a un cruzamento cunha pista agrícola xorde un tramo de firme empedrado. É aquí onde o panorama se amplía cara ao leste e o peregrino pode considerar unha agradable vista do val que está próximo a atravesar.

Segue o descenso pero de forma suave mentres pequenas masas de bosque se alternan con terreos e prados. Comezan a aparecer as primeiras edificacións do núcleo de Aquelabanda e a vista ábrese a ambos os dous lados. O camiño pasa a ser de asfalto e remata o seu descenso xa entre as construcións rurais da poboación.

O trazado conflúe na travesía da estrada AC-0103 por Aquelabanda. Neste lugar, a estrada xira e fronte a ela áchase a Capela de San Xoán, que presenta un escudo heráldico na súa fachada principal. Continúase pola citada estrada que dispón de beirarrúas a ambos os dous lados durante toda a travesía, pásase pola ponte que cruza sobre o río Barcés. A estrada prosegue cun trazado case rectilíneo internándose no núcleo de A Calle. Nos dous laterais levántanse bos exemplos de arquitectura tradicional, de fábrica de cachotería e algúns corredores de madeira. As casas, situadas entre medianeiras, forman unha fileira ata que a estrada xira cara ao oeste, lugar no que o trazado xacobeo abandona ese vial.

O peregrino continúa recto, en marcada dirección sur internándose no núcleo de Fontán. De novo por unha estrada máis estreita pero ben asfaltada, o primeiro tramo avanza entre muros. O da esquerda é un formidable muro de pedra sobre o que sobresaen as ramas dos carballos. Cara a dereita levántase un murete de bloques de formigón que permite ver os campos de cultivo. As casas de Fontán sitúanse en torno á estrada pola que discorre o trazado, que gaña altura progresivamente. Algunhas edificacións de cachotería alternanse a construcións contemporáneas.




Deixando atrás Fontán, o camiño xacobeo continúa a súa traxectoria en suave e constante ascenso pola aba este da Pena de Bordelle. O ámbito vese enmarcado polo val polo que discorre o rego Xeixadiña. A estrada avanza entre noiros vexetais ata chegar ao núcleo de Padín. Atravésase Padín pasando xunto a edificacións de construción tradicional asentadas xunto á estrada. A vista amplíase cara ao leste, onde os bosques cobren as abas opostas do val.

Continuando a suba cara A Cruz de Beira, a ruta pasa polas edificacións que forman Bordelle. A pendente acentúase mentres a estreita estrada serpea afastándose do fondo do val. Entre campos de millo, vexetación baixa e pequenos arboredos, chégase ao cruzamento de camiños da Cruz de Beira. Este lugar, no que conflúen varias estradas e camiños, abre a vista cara á vertente oeste e marca un novo límite municipal con Carral.

3.2. XUSTIFICACIÓN DA PROPOSTA DO CAMIÑO



Superposición do trazado de 1997 e trazados do Camiño, complementario e trazado con vestixios históricos Abegondo. Elaboración propia



TRAZADO DO CAMIÑO		TRAZADO CON VESTIXIOS HISTÓRICOS	
TRAZADO COMPLEMENTARIO		TRAZADO 1997	

O Camiño de 1997 a vai reflectido, con variacións, practicamente na totalidade do seu percorrido no trazado proposto. Hai tres puntos nos que as diferenzas se fan máis palpables. O primeiro lugar é no descenso cara ao río Mero dende Pazo para chegar a Ponte Limiñón, o segundo en ao parroquia de Presedo e o terceiro é entre as parroquias de Folgoso e Vizoño na zona de A Malata.

Na zona de Monte dá Igrexa, Riofrío e Beche, o trazado do ano 1997 non é totalmente transitable, polo que a incluído en parte como trazado con vestixios históricos para poder manter unha cautela sobre este.



O mesmo sucede co Camiño que dende Beche continúa ata as estribacións ao norte de Castromaior, pois coa construción da Autoestrada, non é transitable en toda a súa lonxitude, manténdoo como trazado con vestixios de camiño tradicional

TRAMO DO PONTE LIMIÑÓN



O trazado definido difire do establecido en 1997. Este último non é transitable e non aparece recollido en cartografía histórica nin ortofoto antiga, mentres que o proposto ademais de ser transitable se emprega na actualidade e a vai reflectido na cartografía do ano 1929.


TRAMO NAS PARRQUIAS DE PRESEDO E LEIRO



Na parroquia de Presedo o Camiño do ano 1997 discorre en todo este tramo pola estrada CP-0105 afastado de camiños tradicionais. Á altura do km 10 o Camiño proposto inténrase por un Camiño tradicional que discorre por Presedo, Barrio, Leiro e A Igrexa antes de volver incorporarse á estrada en O Pechado.

Antes de chegar a Leiro, non é posible percorrer o trazado tradicional de xeito completo debido a actuacións de reparcelación, polo que se indicaron uns pequenos tramos de camiño con vestixios de camiño tradicional cautelados.

TRAMO NAS PARRQUIAS DE FOLGOS E VIZOÑO



A diferenza de trazados entre o do ano 1997 e o definido neste documento débese basicamente a que o Camiño proveniente de Ferrol se une co proveniente da Coruña en As Travesas, mentres que o do ano 1997 o facía pouco antes de entrar no núcleo de Hospital de Bruma no Concello de Mesía. Así, o Camiño abandona o Concello de Abegondo despois de deixar o castro de Castromaior ao sur para internarse no Concello de Carral onde os dous tramos de camiño convértense nun solo en As Travesas.

4. ESTADO DE CONSERVACIÓN DO CAMIÑO

O tránsito do trazado delimitado polo municipio de Abegondo ten un marcado carácter rural, xa que non se pasa por ningunha poboación de certo tamaño. Un tramo importante da ruta discorre pola estrada AC-0105, que presenta un bo estado de conservación pero carece de beiravía ou zona para os peóns.


En canto ao resto do itinerario, o tramo inicial, previo á incorporación á citada estrada, apóiase en pistas asfaltadas que mostran conservación irregular. Nalgúns intervalos o firme asfáltico está parcialmente disgregado con grava miúda solta. Tamén existen tramos por camiños de terra que son perfectamente practicables pero coa existencia de zonas que se embarran en épocas húmidas.







Abandónase a AC-0105 tomando unha pista de terra que inicia un longo tramo ata o paso baixo a autoestrada AP-9. Aínda que o estado de conservación desta pista é mellorable, é transitable sen dificultade. A continuación, utilízase unha pista asfaltada que pasa polo núcleo de Bao. Esta pista empeora o seu firme a medida que ascende cara o castro de Castromaior. Sen embargo, non presenta problemas para a súa utilización.

O resto do trazado por Abegondo realízase por unha pista de terra ben marcada e apta ata para os vehículos motorizados. Non ofrece dificultades sendo accesible para todos os peregrinos.

Para todos os tramos do Camiño recoñecidos no traballo se fai unha análise dos seus parámetros técnicos que os definen fisicamente. Deste estudo preséntase neste documento a información que resume o estado de conservación actual destes trazados, mediante o Índice de Calidade Percibida e o estado de conservación do pavimento. En ambos os dous casos defínese unha situación denominada “Recuperable/Cautela” para identificar aqueles tramos que na actualidade non poden ser transitados de forma cómoda pero que poden chegar a selo con intervencións lixeiras, e tamén aqueles tramos que debido a diversos motivos son dificilmente recuperables a curto prazo e quedan como cautela arqueolóxica.


ÍNDICE DE CALIDADE PERCIBIDA DO CAMIÑO (ICC)






Calidade do Camiño	Lonxitude [Km]	Lonxitude [% municipal]	Lonxitude [% Camiño]	
	Moi mala	4.1	20.6%	2.9%
	Mala	6.8	34.5%	4.8%
	Media	2.0	9.9%	1.4%
	Boa	6.7	33.6%	4.7%
	Moi boa	0.3	1.4%	0.2%
	Excelente	0.0	0.0%	0.0%
Total xeral		19.8	100.0%	14.0%

Indicador creado para representar de forma sintética a conservación e calidade global de cada treito de camiño, combinando o estado de pavimento, a adecuación do entorno, a paisaxe percibida, a visibilidade e o tipo de plataforma.

CONSERVACIÓN DO CAMIÑO



	Conservación do Camiño	Lonxitude [Km]	Lonxitude [% municipal]	Lonxitude [% Camiño]
	Boa	8.8	44.6%	6.2%
	Regular	4.9	24.8%	3.5%
	Mala	6.1	30.6%	4.3%
	Total xeral	19.8	100.0%	14.0%

Estado de conservación do pavimento e plataforma do Camiño de Santiago.

5. DESCRICIÓN DO ÁMBITO

O Concello de Abegondo, que presenta unha forma alargada, ten unha singularidade e é que é atravesado tanto polo ramal do Camiño dende Ferrol dende o nordés ao suroeste, como o do Camiño da Coruña, ao oeste do concello. Diferéncianse por tanto ambos os ámbitos á hora de describilos.

O ámbito de delimitación do Camiño que vén desde Ferrol atravesa o concello diagonalmente, desde a súa entrada ao nordés até a súa saída polo suroeste. Caracterízao unha anchura constante na súa gran maioría salvo dúas zonas de maior anchura onde se establecen áreas de cautela (nas parroquias de Leiro e de Folgoso) así como no seu parte final no paso ao concello de Carral, onde conflúen o ramal do Camiño que vén de Ferrol co ramal que vén da Coruña.

O ámbito de delimitación do Camiño da Coruña atrávesao de norte a sur pasando unicamente por dous das súas parroquias, cunha anchura case constante no seu percorrido.

Pola gran dimensión do concello de Abegondo, o ámbito de delimitación do Camiño desde Ferrol cruza por un gran número de parroquias. A maioría delas son atravesadas en gran parte da súa superficie, como ocorre nas parroquias de Limiñón (San Salvador), Cos (Santo Estevo), Meangos (Santiago), Presedo (Santa María), Leiro (Santaia), Folgoso (Santa Dorotea). En cambio nas parroquias restantes é só unha pequena parte do ámbito de delimitación a que se sitúa na súa superficie. Este é o caso das parroquias de Cullergondo (Santa María), Viós (San Salvador), Vilacova (San Tomé) y Vizoño (San Pedro).

No caso do ámbito do Camiño desde Coruña a maior área afecta é parroquia de Sarandós (Santa María), sendo moito máis reducida a superficie de ámbito que cruza a parroquia de Montouto.

O ámbito ao seu paso polo concello de Abegondo inclúe os seguintes núcleos: Limiñón, Cos, O Souto, Meangos, Ascarís, Presedo, Leiro, A Igrexa, O Loureiro, Francos, Beche, A Travesa, O Vao, Aquelabanda, A Calle, Bordelle e Xeixade.

ÁMBITO DO CAMIÑO DENDE FERROL

O límite oeste do ámbito é unha liña que entra no concello a través da parroquia de Limiñón, bordeando un dos crecementos periféricos situados ao leste do núcleo do mesmo nome. Transcorre entre parcelas edificadas e agrícolas até alcanzar cara ao oeste o río que discorre paralelo á autoestrada da Atlántico AP-9 polo seu lado este. Unha vez chegado ao río o límite cinguese ao bordo de ribeira do mesmo, até avanzada a parroquia de Cos, onde se separa do mesmo pasando a seguir o curso dun regacho menor. Na parroquia de Meangos a liña adáptase tanto a estradas secundarias, camiños ó pistas, discorrendo a través de parcelas agrícolas e puntualmente forestais, sempre nunha dirección paralela ao trazado do Camiño. Xusto á altura da Axilda xira cara ao oeste seguindo a estrada uns metros para desviarse de novo cara ao sur por parcelas agrícolas e forestais. O primeiro tramo do límite oeste na parroquia de Presedo percorre zonas de monte con arboredo até alcanzar o núcleo de Ascarís que queda ao leste do límite. Nesta zona retoma de novo o seu percorrido a través de parcelas rurais agrícolas ou con edificacións dispersas, atravesando unha zona boscosa xusto antes do núcleo de O Loureiro xa na parroquia de Leiro. É neste punto onde a liña toma unha dirección máis tendida cara ao suroeste, na que, ao longo duns dous quilómetros na parroquia de Viós, atravesa zonas de monte e bosque até alcanzar a parroquia de Folgoso e cruzar a autoestrada AP 9 á altura do encoro de Beche que se inclúe no ámbito ao sur. O último tramo antes do concello de Carral continúa como o anterior, por zonas de monte e bosques na súa maioría.

O límite leste do ámbito do Camiño de Ferrol entra no concello de Abegondo pola parroquia de Limiñón, cruzando o seu núcleo, e percorre a estrada AC-0105, que discorre entre edificacións dispersas e parcelas agrícolas. Continúa en dirección sur e na parroquia de Cos, cinguese ao trazado do Rego dá Fonte, ao que segue pola súa ribeira ao longo de case catro quilómetros, a través das parroquias de Meangos e

Cullergondo. Antes de pasar á parroquia de Presedo, a liña sepárase do Rego para ensancharse cara ao leste polo límite de concello e por zonas de parcelas de explotación forestal á altura do núcleo de Presedo. Na parroquia de Leiro o límite segue tendendo cara ao oeste, próximo aos núcleos de Barrio, Leiro, A Igrexa, Francos e O Loureiro no seu parte inicial, sendo o resto zona de monte e forestal. En Vilacova pasa ao sur do Encoro de Beche e atravesa a autoestrada cara a Folgoso, onde, a excepción dela zona central máis aberta, o límite percorre máis zonas de monte e arboredo, até abandonar o concello.

ÁMBITO DO CAMIÑO DENDE A CORUÑA

Ou límite oeste discorre de norte a sur pola parroquia de Sarandós, atravesando parcelas de bosque no seu maior parte do percorrido, que alternan coas zonas de cultivo e as zonas urbanas dos núcleos, como Aquelabanda. O seu trazado discorre segue en paralelo ao trazado do propio Camiño.

O límite leste discorre paralelo ao anterior. O primeiro medio quilómetro na parroquia de Sarandós, pasa por parcelas de cultivo e de edificacións dispersas, mentres que os restantes quilómetros realízaos integramente seguindo o curso do Rego Xeixadiña que marca o límite físico entre as zonas de cultivo e as de ladeira de monte con arboredo, até enlazar na parroquia de Folgoso coa liña do límite oeste que vén dende Ferrol.

6. ELEMENTOS PATRIMONIAIS VINCULADOS AO CAMIÑO DE SANTIAGO

ELEMENTOS PATRIMONIAIS DENTRO DO ÁMBITO

NOME	LUGAR	PARROQUIA	TIPOLOXÍA	UTM_X	UTM_Y
Hórreos en Xeixade	Xeixade, nº 8	Santa María de Sarandós	Elementos etnográficos	553.379	4.783.362
Casa en Xeixade (2)	Xeixade, nº 8	Santa María de Sarandós	Arquitectura civil	553.389	4.783.359
Conxunto de casas en Xeixade (1)	Xeixade	Santa María de Sarandós	Núcleos Rurais	553.414	4.783.390
Conxunto de casas en Xeixade (2)	Xeixade	Santa María de Sarandós	Núcleos Rurais	553.703	4.783.752
Capela de San Xoán	Desabanda	Santa María de Sarandós	Arquitectura relixiosa	554.119	4.786.115
Hórreo en Desabanda	Desabanda	Santa María de Sarandós	Elementos etnográficos	554.138	4.786.114
Casa en Desabanda (1)	Desabanda	Santa María de Sarandós	Arquitectura civil	554.114	4.786.139
Casa en Desabanda (2)	Desabanda, 25A - 25B	Santa María de Sarandós	Arquitectura civil	554.072	4.786.170
Muíño en Desabanda	Desabanda	Santa María de Sarandós	Elementos etnográficos	554.082	4.786.084
Palleira en Aquelabanda	Aquelabanda, nº 5	Santa María de Sarandós	Elementos etnográficos	554.123	4.786.161
Hórreo en Aquelabanda	Aquelabanda, nº 8	Santa María de Sarandós	Elementos etnográficos	554.133	4.786.220
Casa en Aquelabanda	Aquelabanda, nº 12	Santa María de Sarandós	Arquitectura civil	554.145	4.786.233
Hórreo en Barreiros	Barreiros, nº 25	Santa María de Sarandós	Elementos etnográficos	554.348	4.786.492
Ponte de Sarandós	A Calle - Desabanda	Santa María de Sarandós	Arquitectura civil	554.113	4.786.043
Pazo de Barral ou Casa de Felipe II	A Calle, nº 14	Santa María de Sarandós	Arquitectura civil	554.117	4.785.961
Hórreo na Calle	A Calle, nº 40	Santa María de Sarandós	Elementos etnográficos	554.156	4.785.966
Casa na Calle (1)	A Calle, nº 29	Santa María de Sarandós	Arquitectura civil	554.122	4.785.867
Casa na Calle (2)	A Calle	Santa María de Sarandós	Arquitectura civil	554.128	4.785.811
Casa de Pilar	A Calle	Santa María de Sarandós	Arquitectura civil	554.122	4.785.814
Conxunto de vivendas da Calle	A Calle	Santa María de Sarandós	Arquitectura civil	554.126	4.785.850
Casa Convento da Calle	A Calle	Santa María de Sarandós	Arquitectura civil	554.166	4.785.738
Reitoral de Sarandós	O Rueiro, nº 6	Santa María de Sarandós	Arquitectura civil	554.121	4.785.700
Fonte da reitoral de Sarandós	O Rueiro, nº 6	Santa María de Sarandós	Elementos etnográficos	554.127	4.785.695
Lavadoiro da reitoral de Sarandós	O Rueiro, nº 6	Santa María de Sarandós	Elementos etnográficos	554.119	4.785.709
Casa con escudo do Rueiro	O Rueiro, nº 9	Santa María de Sarandós	Arquitectura civil	554.112	4.785.674
Casa restaurada no Rueiro	O Rueiro, nº 11	Santa María de Sarandós	Arquitectura civil	554.116	4.785.674
Casa en Bordelle (1)	Bordelle, nº 18	Santa María de Sarandós	Arquitectura civil	554.132	4.784.689
Casa en Bordelle (2)	Bordelle, nº 20	Santa María de Sarandós	Arquitectura civil	554.007	4.784.479
Casa en Bordelle (3)	Bordelle, nº 35	Santa María de Sarandós	Arquitectura civil	553.862	4.784.338
Ponte sobre o Rego da Igrexa ou Río do Fraile	A Calle	Santa María de Sarandós	Arquitectura civil	554.259	4.785.717
Lavadoiro da Calle	A Calle	Santa María de Sarandós	Elementos etnográficos	554.249	4.785.743
Casa con forno en Padín	Padín	Santa María de Sarandós	Arquitectura civil	554.109	4.784.984
Hórreo en Barral	Barral nº 16	Limiñón (San Salvador)	Elementos etnográficos	561.975	4.788.706
Casa con balcón corredor	Barral nº 16	Limiñón (San Salvador)	Arquitectura civil	561.969	4.788.715
Casa de Séarez	A Igrexa	Cos (Santo Estevo)	Arquitectura civil	561.574	4.787.242

NOME	LUGAR	PARROQUIA	TIPOLOXÍA	UTM_X	UTM_Y
Casa con escudo	A Aldea de Baixo nº 8	Cos (Santo Estevo)	Arquitectura civil	561.502	4.786.733
Casa grande da Aldea de Abaixo	A Aldea de Baixo	Cos (Santo Estevo)	Arquitectura civil	561.529	4.786.683
Hórreo na Aldea de Abaixo	A Aldea de Baixo	Cos (Santo Estevo)	Elementos etnográficos	561.449	4.786.709
Pombal na Aldea de Abaixo	A Aldea de Baixo	Cos (Santo Estevo)	Elementos etnográficos	561.531	4.786.585
Cruceiro de Santo Estevo de Cos	O Cruceiro	Cos (Santo Estevo)	Elementos etnográficos	561.429	4.787.308
Igrexa de Santo Estevo de Cos	A Igrexa	Cos (Santo Estevo)	Arquitectura relixiosa	561.611	4.787.336
Hórreo na Igrexa	A Igrexa	Cos (Santo Estevo)	Elementos etnográficos	561.551	4.787.273
Vivendas tradicionais na Igrexa	A Igrexa	Cos (Santo Estevo)	Arquitectura civil	561.539	4.787.256
Fonte e lavadoiro en Fontao	Fontao	Meangos (Santiago)	Elementos etnográficos	560.584	4.785.681
Casa con hórreo no Penedo	O Penedo	Meangos (Santiago)	Arquitectura civil	560.662	4.785.743
Igrexa de Santa María de Presedo	Campo de Nosa Señora da Saleta	Presedo (Santa María)	Arquitectura relixiosa	559.840	4.784.152
Fonte na igrexa	Campo de Nosa Señora da Saleta	Presedo (Santa María)	Elementos etnográficos	559.842	4.784.160
Cruceiro de Presedo	Campo de Nosa Señora da Saleta	Presedo (Santa María)	Elementos etnográficos	559.838	4.784.134
Vivenda en Presedo (I)	Campo de Nosa Señora da Saleta	Presedo (Santa María)	Arquitectura civil	559.892	4.784.148
Vivenda en Presedo (II)	Campo de Nosa Señora da Saleta nº 4	Presedo (Santa María)	Arquitectura civil	559.890	4.784.149
Igrexa de Santaia de Leiro	A Igrexa	Leiro (Santaia)	Arquitectura relixiosa	559.088	4.782.775
Igrexa do Divino Salvador de Viós	A Regueira	Viós (San Salvador)	Arquitectura relixiosa	558.491	4.782.823
Vivenda na Fraga	A Fraga nº 1	Cos (Santo Estevo)	Arquitectura civil	561.415	4.787.331
Casa con hórreo no Barral (I)	O Barral de Abaixo s/n	Cos (Santo Estevo)	Arquitectura civil	561.380	4.787.079
Casa no Barral de Abaixo	O Barral de Abaixo s/n	Cos (Santo Estevo)	Arquitectura civil	561.369	4.787.090
Casa con hórreo no Barral (II)	O Barral de Abaixo nº 9	Cos (Santo Estevo)	Arquitectura civil	561.360	4.787.097
Conxunto no Barral de Abaixo	O Barral de Abaixo s/n	Cos (Santo Estevo)	Arquitectura civil	561.330	4.787.068
Casa e hórreo no Barral de Arriba	O Barral de Arriba nº 5	Cos (Santo Estevo)	Arquitectura civil	561.332	4.787.027
Hórreos na Fraga	A Fraga nº 4	Cos (Santo Estevo)	Elementos etnográficos	561.331	4.787.255
Núcleo de Ascarís	Ascarís	Presedo (Santa María)	Arquitectura civil	559.689	4.784.287
Conxunto tradicional en Ascarís	Ascarís s/n	Presedo (Santa María)	Arquitectura civil	559.608	4.784.185
Casa e hórreo en Presedo	Campo de Nosa Señora da Saleta nº 20	Presedo (Santa María)	Arquitectura civil	559.862	4.784.041
Hórreo en Presedo (I)	Campo de Nosa Señora da Saleta s/n	Presedo (Santa María)	Elementos etnográficos	559.880	4.784.141
Hórreo en Presedo (II)	Campo de Nosa Señora da Saleta s/n	Presedo (Santa María)	Elementos etnográficos	559.900	4.784.139
Casa e hórreo en Presedo	Campo de Nosa Señora da Saleta nº 8	Presedo (Santa María)	Arquitectura civil	559.935	4.784.147
Hórreo na Moucha	A Moucha nº 13	Presedo (Santa María)	Elementos etnográficos	559.961	4.784.136
Casa na Moucha (I)	A Moucha nº 10	Presedo (Santa María)	Elementos etnográficos	559.963	4.784.127
Casa na Moucha (II)	A Moucha s/n	Presedo (Santa María)	Arquitectura civil	559.966	4.784.048
Casa con forno na Bouza Nova	A Bouza Nova s/n	Presedo (Santa María)	Arquitectura civil	559.968	4.783.989



NOME	LUGAR	PARROQUIA	TIPOLOXÍA	UTM_X	UTM_Y
Poldro para o gando	A Bouza Nova s/n	Presedo (Santa María)	Elementos etnográficos	560.018	4.783.950
Casa do Xastre	Barrio s/n	Leiro (Santaia)	Arquitectura civil	559.570	4.783.427
Casa en Barrio (I)	Barrio s/n	Leiro (Santaia)	Arquitectura civil	559.559	4.783.331
Conxunto tradicional en Barrio (I)	Barrio s/n	Leiro (Santaia)	Arquitectura civil	559.711	4.783.243
Casa en Barrio (II)	Barrio nº 4	Leiro (Santaia)	Arquitectura civil	559.648	4.783.201
Conxunto tradicional en Barrio (II)	Barrio s/n	Leiro (Santaia)	Arquitectura civil	559.504	4.782.945
Construcións tradicionais na Igrexa	A Igrexa	Leiro (Santaia)	Arquitectura civil	559.212	4.782.905
Casa con hórreo na Igrexa	A Igrexa	Cos (Santo Estevo)	Arquitectura civil	561.511	4.787.193
Vivenda no Penedo	O Penedo s/n (xunto ao serradoiro)	Meangos (Santiago)	Arquitectura civil	560.712	4.785.732
Vivenda tradicional na Axilda (I)	A Axilda s/n	Meangos (Santiago)	Arquitectura civil	560.154	4.785.460
Vivenda tradicional na Axilda (II)	A Axilda nº 4	Meangos (Santiago)	Arquitectura civil	560.183	4.785.464
Ruínas dunha vivenda na Axilda	A Axilda s/n	Meangos (Santiago)	Arquitectura civil	560.196	4.785.458
Vivenda no Francés "A Casa das Abellas"	O Francés s/n	Meangos (Santiago)	Arquitectura civil	560.775	4.786.036
Casa con hórreo no Francés	O Francés nº 9 (antigo 2)	Meangos (Santiago)	Arquitectura civil	560.864	4.786.231
Núcleo de Fontao	Fontao	Meangos (Santiago)	Arquitectura civil	560.569	4.785.586
Vivenda restaurada en Fontao	Fontao s/n	Meangos (Santiago)	Arquitectura civil	560.545	4.785.530
Casa con hórreo na Pereira	A Pereira nº 7	Meangos (Santiago)	Arquitectura civil	560.490	4.785.460
Casas na Pereira	A Pereira	Meangos (Santiago)	Arquitectura civil	560.606	4.785.378
Hórreo en A Aldea de Abaixo. Cos		Meangos	Elementos etnográficos	561.457	4.786.622
Castro de Cos.	Carballal.	Cos (San Xián).	Castro/Asentamento fortificado.	561.098	4.786.799
Castro de Leiro.	Loureiro.	Leiro (Santa Baia).	Castro/Asentamento fortificado.	559.027	4.783.000
Castro Maior/Coto da Cerca.	Torreira.	Vizoño (San Pedro).	Castro/Asentamento fortificado.	554.624	4.780.557
Monte dos Matos/Monte de García.	Cruz de Beira.	Sarandóns (Santa María).	Asentamento fortificado.	553.305	4.783.773
Túmulo 4 de San Bartolomé.	Travesas.	Folgozo (Santa Dorotea).	Túmulo megalítico.	553.443	4.780.858
Túmulo 3 de San Bartolomé.	San Bartolomé.	Folgozo (Santa Dorotea).	Túmulo megalítico.	553.524	4.781.382
M2 de Carpeán.	Braña.	Vizoño (San Pedro).	Túmulo megalítico.	554.816	4.781.012
Castro de Figueroa.	Seixade.	Figueroa (San Miguel).	Castro/Asentamento fortificado.	553.735	4.783.836
Xacemento de Os Ullos	-	Folgozo	Achado descontextualizado	554.070	4.780.453
Mámoa de O Abelar 10	-	Folgozo	Túmulo/Mámoa	554.250	4.780.163
Mámoa de O Abelar 1	-	Folgozo	Túmulo/Mámoa	554.030	4.780.150
Mámoa de O Abelar 2	-	Folgozo	Túmulo/Mámoa	553.775	4.780.050
A Torre	-	Leiro	Torre/Mota	559.472	4.782.655
Mámoa de O Abelar 12	-	Folgozo	Túmulo/Mámoa	554.185	4.780.156

7. ANEXO FOTOGRÁFICO (2010-2013)

TRAMO RAMAL DE FERROL-SANTIAGO



001



002



003




004



005



006



007



008



009



010



011



012



013



014



015



016



017



018



019



020



021



022



023



024



025



026



027



028



029



030



031



032



033



034



035



036



037



038



039



040



041



042



043



044



045



046



047



048



049



050



051



052



053



054



055



056



057



058



059



060



061



062



063



064



065



066



067



068



069



070



071



072



073



074



075




076



077



078



079



080



081



082



083



084



085



086



087



088



089



090



091



092



093



094



095



096



097



098



099



100



101



102



103



104



105



106



107



108



109



110



111



112



113



114



115



116



117



118



119



120



121



122



123



124



125



126



127



128



129



130



131



132



133



134



135



136



137



138



139



140



141



142



143



144



145



146



147



148



149



150



151



152



153



154



155



156



157



158



159



160



161



162



163



164



165



166



167



168



169



170



171



172



173



174



175



176



177



178



179



180



181



182



183



184



185



186



187



188



189



190



191



192



193



194



195



196



197



198



199



200



201



202



203



204



205



206



207



208



209



210



211



212



213



214



215



216

**TRAMO RAMAL DE A
CORUÑA**



001



002



003



004



005



006



007



008



009



010



011



012



013



014



015



016



017



018



019



020



021



022



023



024



025



026



027



028



029



030



031



032



033



034



035



036



037



038



039



040



041



042



043



044



045



046



047



048



049



050



051



052



053



054



055



056



057



058



059



060



061



062



063



064



065



066



067



068



069



070



071



072



073



074



075

SANTIAGO



001



002



003



004



005



006



007



008



009



010



011



012



013



014



015



016



017



018



019



020



021



022



023



024



025



026



027



028



029



030



031



032



033



034



035



036



037



038



039



040



041



042



043



044



045



046



047



048



049



050



051



052



053



054



055



056



057



058



059



060



061



062



063



064



065



066



067



068



069



070



071



072



073



074



075

TRAMO RAMAL A CORUÑA SANTIAGO



001



002



003



004



005



006



007



008



009



010



011



012



013



014



015



016



017



018



019



020



021



022



023



024



025



026



027



028



029



030



031



032



033



034



035



036



037



038



039



040



041



042



043



044



045



046



047



048



049



050



051



052



053



054



055



056



057



058



059



060



061



062



063



064



065



066



067



068



069



070



071



072



073



074



075



076



077



078



079

8. ANEXO PLANOS